

**DECRETO NÚMERO 17011463 DO 28/12/2017**

**Ilma. Sra. Dona Carmen Basadre Vázquez Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.**

Instruído o expediente relativo a : CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DA ENTIDADE CÍRCULO DAS ARTES DE LUGO PARA O ANO 2017. ADXUDICACIÓN.

**ANTECEDENTES**

I.- Informe proposta do departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da citada entidade para o ano 2017, por un importe de 5.500,00 euros, incluíndose no mesmo o texto do convenio a asinar. A dito informe proposta deulle a súa conformidade o Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a teor do artigo 65 do RD 887/2006 de 21 de xuño.

II.- Informe da Intervención municipal, do día 27/12/2017, referencia 827/2017, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

III.-Documento contable 33000.48900 RC MCRC/53684/2017.

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no Acordo núm. 12/803 da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2017, nas que se delega na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua a concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, así como o Decreto número 16005312 do 05/07/2016 punto noveno, modificado polo Decreto 16008543 do 09/11/2016 -Delegacións da Alcaldía-

**RESOLVO :**

PRIMEIRO. Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade Círculo das Artes de Lugo con CIF G27006238, para o ano 2017, por importe de 5.500,00 euros.

SEGUNDO. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a citada entidade, recollido no informe proposta do mencionado departamento, o cal ten o seguinte teor literal:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE**

## **CULTURA**

MGL/cal

Ref: Subvencións 2017

Asunto: aprobando concesión subvención nominativa a Círculo das Artes de Lugo

### **SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR PARCIALMENTE A CÍRCULO DAS ARTES DE LUGO DURANTE O EXERCICIO 2017.-**

Na casa do Concello de Lugo a,        de        de

#### **REUNIDOS**

Dunha banda Dña. M<sup>a</sup> del Carmen Basadre Vázquez, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

E doutra banda d. Miguel Caraduje Somoza con NIF 33.861.647-N, na súa calidade de representante legal do Círculo das Artes de Lugo con CIF G-27006238.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

#### **MANIFESTAN**

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade Círculo das Artes de Lugo presenta un proxecto relativo á cesión do Salón Rexio para a celebración de actividades municipais de interese cultural para a cidade, que o Concello considera de marcado interese municipal. Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

#### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial de gastos de mantemento pola celebración de actividades municipais no Salón Rexio do Círculo das Artes.

Con suxeición ás seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **PRIMEIRA.-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial de gastos de mantemento pola celebración de actividades municipais no Salón Rexio.

##### **SEGUNDA.- Compromisos das partes**

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 5.500,00 euros para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade Círculo das Artes comprométese a :

- Colaborar co Concello na cesión do Salón Rexio para a celebración de actividades municipais.
- Lucir o logotipo do concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

**TERCEIRA.-Crédito presupostario**

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2017 a cantidade de 5.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900

**CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización**

Os derivados das actividades propias do beneficiario, dacordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas, desprazamentos, aloxamentos, manutención, material cultural, publicidade e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

O prazo de realización será o do exercicio 2017.

Non serán subvencionables as dietas xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, etc.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións e 27 da lei de Subvencións de Galicia.

**QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención**

Non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade.

Esta subvención é compatible con calquera outra que poida acadar o beneficiario, ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

**SEXTA.-Xustificación da subvención**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar **no Rexistro Xeral do Concello** dirixido ao Departamento de Cultura a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, si é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da

## CULTURA

MGL/cal

Ref: Subvencións 2017

Asunto: aprobando concesión subvención nominativa a Círculo das Artes de Lugo

actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de máis de 2.500 euros deberá xustificarse a realización da transferencia bancaria.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do preceptos das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada segundo o modelo normalizado.

d) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados nas oficinas municipais de Cultura, xestoras do expediente administrativo cun selo existente para o efecto efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ao presente convenio. Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas pola antedita oficina xestora, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **30 de decembro de 2017**. E deberá presentar, ademais da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou extranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado. Non caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Aos efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida.

**SETIMA.- Duración do convenio**

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2017.

#### **OITAVA.-Modificación do Convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axudae, en todo caso, a obtención concorrente de subvención ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo d actividade a desenvolver.

#### **NOVENA.- Comisión do seguimento**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

#### **DÉCIMA.-Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:

- . O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- . A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins dinstintos dos que motivaron a súa concesión.
- . A falta de xustificación do emprego das cantidade recibidas.

#### **DECIMO PRIMEIRA.-Réxime xurídico**

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 4 do Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba a Lei de contratos das administracións públicas e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativas de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interponer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

É todo canto procede informar, e en proba do aquí manifestado, os comparecentes asínano no lugar e data indicados e por triplicado exemplar.

## **CULTURA**

MGL/cal

Ref: Subvencións 2017

Asunto: aprobando concesión subvención nominativa a Círculo das Artes de Lugo

POLO CONCELLO DE LUGO

POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

TERCEIRO. Aprobar a autorización e disposición do gasto de 5.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900 RC MCRC/53684/2017 do vixente orzamento municipal, a favor da entidade Círculo das Artes de Lugo con CIF G27006238.

CUARTO. Notificar a presente resolución ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

-Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

- Non obstante ao anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

Cúmprase.